



COMUNICADO ÁS FAMILIAS DO CEIP ESCULTOR ACUÑA

Mércores , 6 de outubro de 2021

Prezadas Familias:

Iniciando o mes de outubro aproveitamos para informaros sobre distintas novas escolares.

1. Días non lectivos

Como recolle o Calendario Escolar para o presente curso, a semana vindeira teremos dous días non lectivos:

- **Luns 11 de outubro (día do Ensino)**
- **Martes 12 de outubro (Día do Pilar- Festividade da Hispanidade)**

O mércores 13 volveremos coa actividade lectiva

2. Apertura da nosa Aula Virtual

O próximo luns, día 18 de outubro, realizaremos a apertura oficial da nosa Aula Virtual. Os **obxectivos** da mesma son:

- servir de canle educativa básica en caso de corentena ou illamento por incidencias COVID.
- como plataforma de xestión de tarefas extraescolares (deberes).

Co obxectivo de actualizar a Aula Virtual e ter un **acceso de usuario** máis sinxelo estamos a crear novos nomes de usuario, eliminando o anterior, de carácter alfanumérico (36017697a...). O actual irá vencellado ao nome e apelidos de cada alumna e alumno. **Exemplo ficticio:**

Antigo usuario: 36017697a123 que pertencía a Lucas García Méndez

Novo usuario: Lucas García Méndez. O seu nome de usuario será o nome (en minúsculas e sen til) seguido das iniciais dos seus apelidos: **lucasgm**. No caso de repetirse se engadirá unha letra ao último apelido (lucasgme)

A **contrasinal inicial** será : escultor. A primeira vez que se entre na aplicación cada usuario deberá cambiala e rexistrala para non esquecerla.

Cada titoría entregará o novo nome de usuario a cada alumna e alumno de grupo e realizará ao longo do mes de outubro unha proba de acceso á AV co obxecto de avaliar o correcto acceso á mesma e funcionamento da mesma. Calquera dúbida sobre este proceso de nova matriculación e acceso deberá ser comunicado ás persoas titoras.



3. Reunións entre familias e titorías

Como foi trasladado nas reunións presenciais dos distintos grupos, neste mes de outubro comezarán as reunións coas familias de carácter individual. Para cumprir co Protocolo COVID, as titorías serán preferentemente telefónicas pero estando aberta, en todo momento, a posibilidade de ser presencial se as circunstancias e a importancia do tema a tratar así o require.

4. Consello Escolar do mes de outubro

O **xoves, 14 de outubro**, terá lugar a reunión do Consello Escolar para aprobar, se procede, a Programación Xeral Anual do centro, o Protocolo COVID e o Plan de Continxencia de Atención Educativa a Distancia. Unha vez aprobados serán publicados na nosa web para coñecemento de toda a comunidade educativa.

5. Renovación dos Consellos Escolares 2021-2022

No mes de outubro comezará a renovación parcial do noso Consello Escolar nos distintos sectores que o compoñen (*pais e nais, equipo docente, persoal non docente e Concello*). Este proceso finalizará no mes de decembro coa constitución do novo Consello Escolar. Lembramos a importancia de participar na elección deste órgano colexiado de goberno do centro. En breve, remitiremos ás familias o calendario das distintas fases deste proceso.

6. Obras na Biblioteca

Neste mes está planificado o inicio das obras de ampliación da Biblioteca Escolar. As obras unificarán a actual biblioteca coa sala de informática e aula de plástica. Por este motivo as actividades e estratexias lectoras, así como as de carácter informático serán desenvoltas nas aulas de cada grupo ao longo deste curso.

Moita saúde

O Equipo Educativo do CEIP Escultor Acuña